



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A FUNDACIÓN KAERTOR, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE VIGO, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA INSTRUMENTAR A ACHEGA DE GALICIA AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE BIOTECNOLOXÍA APLICADA Á SAÚDE DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+i DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

En Santiago de Compostela, a 16 de setembro de 2025

REUNIDOS

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG Núm. 73, do 14 de abril), actuando no exercicio das facultades que ten atribuídas polo artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia e polo decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

JOSÉ ARNAU SIERRA, Presidente do Padroado da Fundación KAERTOR con funcións delegadas en virtude dos acordos do Padroado da Fundación do 14 de outubro de 2024 elevados a público en virtude de escritura pública outorgada ante o notario da Coruña, Víctor José Peón Rama, o 21 de xaneiro de 2025, baixo o número 144 de orde do seu protocolo.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

RICARDO JOSÉ CAO ABAD, Reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante, UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 1/2024 de 11 de xaneiro de 2024, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro de 2024, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 101/2004, de 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de Outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

MANUEL REIGOSA ROGER, Reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante, UVIGO) que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, de 20 de xuño de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

ÁNGEL FACIO VILLANUEVA, como presidente do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (en diante, FIDIS), en virtude do seu cargo como titular da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo o establecido no artigo 16.3. a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 17 de xuño de 2024 do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago de Compostela, fundación inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, co número de rexistro 2001/10 segundo a publicación no Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2001.

LUIS VERDE REMESEIRO, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (en diante, FINIBIC), en virtude do seu cargo como titular da Xerencia da área Sanitaria da Coruña e Cee, segundo establécese no artigo 16.3.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (anteriormente Fundación Profesor Novoa Santos), fundación inscrita co número 1991/9 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia do 11 de novembro de 1991.

FRANCISCO JAVIER PUENTE PRIETO, Xerente da área Sanitaria de Vigo e Presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (en diante, FPGIBGS) nomeado o 22 de setembro de 2020 actuando de acordo coas competencias que se outorgan ao devandito cargo segundo o artigo 19 dos seus estatutos fundacionais, fundación con CIF G-36911972 e domicilio social en Hospital Álvaro Cunqueiro, Bloque Técnico, Planta 2 – Estr. Clara Campamor 341 36312 –



Vigo (Pontevedra) inscrita co nº 2002/17 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

Que as partes que interveñen subscribiron, con data 19 de maio de 2023, un convenio co obxecto de establecer as condicións de participación da Fundación Kaertor, a Universidade de Santiago de Compostela - USC, a Universidade da Coruña - UDC, a Universidade de Vigo - UVIGO, a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela – FIDIS (antes Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela), a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC – FINIBIC (antes Fundación Profesor Novoa Santos) e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur – FPGIBGS (antes Fundación Biomédica Galicia Sur) no programa complementario de Biotecnoloxía aplicada á Saúde concedido á Comunidade Autónoma de Galicia polo MICIN conforme ao establecido no Acordo do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación (CPCTI) do 22 de xuño de 2022, no Real Decreto 633/2022, de 26 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás Comunidades Autónomas para financiar a súa incorporación a programas dos Plans Complementarios de I+D+I, que forman parte do compoñente 17 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e na Orde da Ministra de Ciencia e Innovación do 5 de outubro de 2022 pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a subvención prevista no citado Real Decreto. Este convenio regula a xestión dos fondos achegados pola comunidade autónoma (1,05 M€).

Que no citado convenio establececese que a data límite de execución de gastos será o 29 de setembro de 2025, de conformidade co sinalado no Real Decreto 633/2022, de 26 de xullo, no que se indica que o programa deberá finalizar antes do 30 de setembro de 2025.

Que o Real Decreto 1181/2024, do 28 de novembro, publicado no BOE nº 288 do 29/11/2024, establece que a execución dos gastos financiados con fondos MRR deberá de finalizar antes do 31 de decembro de 2025 modificando así a data do 30 de setembro de 2025 establecida no citado Real Decreto 633/2022 e respectando o establecido no anexo da Proposta de Decisión de Execución do Consello da UE, relativa á aprobación da avaliación do PRTR de España, que sinala que a



implementación do investimento estará terminada, como moi tarde, o 31 de decembro de 2025. Por outra parte, na reunión do Consello de Política Científica e Tecnolóxica (CPCTI) do 7 de novembro de 2024 informouse da ampliación do prazo de execución dos gastos financiados con fondos autonómicos máis aló do 31 de decembro de 2025, dando así máis flexibilidade a execución das achegas das comunidades autónomas aprobadas no CPCTI do 22 de xuño de 2022.

A achega das CCAA non é unha esixencia da UE, é un requisito do MICIN para aumentar a dimensión e impacto dos plans complementarios e reforzar desta maneira o propósito de construír sinerxías territoriais establecido no compoñente 17 do PRTR. Por esta razón a estes fondos non lles aplica o prazo de execución dos fondos MRR senón que é o Ministerio quen fixa os límites da súa execución.

Que atendendo ao desenvolvemento das actuacións financiadas con fondos autonómicos e ao disposto na reunión do CPCTI do 7 de novembro de 2024, a comisión de seguimento e coordinación do convenio na súa reunión do 19 de marzo de 2025 propuxo adendar o convenio para ampliar o seu prazo de execución ata o 31 de marzo de 2026.

Así mesmo, para evitar e minimizar os reintegros ao Estado dos importes do MRR non executados e a posible repercusión da non execución dos fondos propios da CA de Galicia sobre estes, a comisión de seguimento e coordinación tamén propuxo adendar o convenio para recuperar os fondos non executados das anualidades 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos do convenio para as anualidades 2025 e 2026, todo elo sen alterar o obxecto nin o orzamento total do mesmo.

Polo exposto, as partes:

ACORDAN

Primeiro.-

Formalizar a presente addenda ao convenio do 19 de maio de 2023 para ampliar o seu prazo de execución ata o 31 de marzo de 2026 e recuperar os fondos non executados das anualidades 2023 e 2024 incorporándoos aos créditos das anualidades 2025 e 2026. A tal fin modifícanse as cláusulas segunda (táboa), sexta (punto 9, apartados c) e f)), sétima (táboa) e décimo sexta e o anexo II, nas que se fai referencia a distribución anual da achega de GAIN e da SX de Universidades, ao calendario de execución do investimento, aos prazos de presentación da documentación xustificativa, a vixencia

				executados a favor da F. Kaertor				
TOTAL	Ano 2023	244.810,25 €	17.918,75 €					
	Ano 2024	611.364,56 €	10.397,44 €					
	Total	856.174,81 €	28.316,19 €	165.509,00 €	165.628,11 €	28.197,08 €	1.050.000,00 €	

SEXTA.- Xustificación

Os apartados c) e f) do punto 9 da cláusula sexta modifícanse da seguinte forma:

c) Declaración asinada polo responsable de recursos humanos cos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do programa, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación prevista no convenio para os anos 2023, 2024 e 2025, o importe considerarase xustificado coa presentación da citada declaración quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario correspóndalle liquidar eses gastos. Para o ano 2026, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 31 de marzo de 2026, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

f) Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pago. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación para os anos 2023, 2024 e 2025, as entidades quedarán obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos. Para o ano 2026, a data límite de execución (realización de gastos e pagos) será o 31 de marzo de 2026, conforme ao indicado na cláusula seguinte.

SÉTIMA.- Prazos de realización de gastos/pagos e de xustificación da axuda

A táboa da cláusula sétima modifícase da seguinte forma:

ORZAMENTO TOTAL ELIXIBLE /AXUDA GAIN-SX UNIVERSIDADES		ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	TOTAL
		IMPORTES EXECUTADOS				
F. Kaertor	07.A2.561A.781.0 GAIN	151.467,44 €	180.294,58 €	55.706,11 €	3.850,98 €	391.319,11 €
USC	07.A2.561A.744.0 GAIN	26.222,75 €	144.747,69 €	10.000,00 €	6.029,56 €	187.000,00 €
USC	07.02.561B.744.0 SX Universidades	26.800,00 €	93.800,00 €	0,00 €	0,00 €	120.600,00 €
UDC			78.356,00 €	42.244,00 €	0,00 €	120.600,00 €
UVIGO		1.620,00 €	67.424,04 €	47.678,00 €	3.877,96 €	120.600,00 €
FIDIS	07.A2.561A.743.28 GAIN	15.000,00 €	34.888,38 €	10.000,00 €	0,00 €	59.888,38 €
FINIBIC	07.A2.561A.743.25 GAIN	10.561,42 €	0,00 €	0,00 €	14.438,58 €	25.000,00 €

FPGIBGS	07.A2.561A.743.29 GAIN	13.138,64 €	11.853,87 €	0,00 €	0,00 €	24.992,51 €
TOTAL		244.810,25 €	611.364,56 €	165.628,11 €	28.197,08 €	1.050.000,00 €
Período de realización de gastos e pagos		01/11/2022 - 31/10/2023	01/11/2023 - 31/10/2024	01/11/2024 - 26/12/2025	27/12/2025 - 31/03/2026	
Data límite presentación documentación xustificativa		7/11/2023	07/11/2024	26/12/2025	4/04/2026	

DÉCIMO SEXTA.- Vixencia

A cláusula décimo sexta modifícase da seguinte forma:

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 30 de abril de 2026, sen prexuízo de que o período para a realización das actividades obxecto do mesmo sexa do 1 de novembro de 2022 ao 31 de marzo de 2026, como se indica na cláusula sétima.

ANEXO II

Distribución dos fondos entre os diferentes conceptos de gastos

Orzamento (€)	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
F. Kaertor	98.200,00		156.162,11	136.957,00	391.319,11
USC	120.600,00		187.000,00		307.600,00
UDC	120.600,00		0,00		120.600,00
UVIGO	120.600,00		0,00		120.600,00
FIDIS	0,00		59.888,38		59.888,38
FINIBIC	0,00		25.000,00		25.000,00
FPGIBGS	0,00		24.992,51		24.992,51
TOTAL	460.000,00	0,00	453.043,00	136.957,00	1.050.000,00

E en proba de conformidade, asinan electronicamente a presente Addenda, na data indicada na marxe.

Pola Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional e pola
Axencia Galega de Innovación

Román Rodríguez González

Pola Fundación Kaertor

José Arnau Sierra

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo

Manuel Reigosa Roger

Pola Fundación Pública Galega de Investigación
Biomédica INIBIC

Luis Verde Remeseiro

Pola Universidade da Coruña

Ricardo Cao Abad

Pola Fundación Pública Galega Instituto de
Investigación Sanitaria de Santiago de
Compostela

Ángel Facio Villanueva

Pola Fundación Pública Galega de
Investigación Biomédica Galicia Sur

Francisco Javier Puente Prieto